

SUBVENCIÓN E AXUDAS “REACTIVA TUI”


DO CONCELLO DE TUI

✓ PRESENTACIÓN:

Data de presentación: **dende o 15/06/2020 ata o 06/07/2020.**

Presentarase o **Anexo I e Anexo II**, e Anexo V a través da sede electrónica de acceso ao Rexistro Electrónico do Concello de Tui.

Isto é:

1. Tedes que entrar **a través da Sede Electronica de Tui.**
2. No apartado de Administración Xeral, premer no subapartado **Subvencións.**
3. Ai aparecera a subvención **e deberedes premer en  Procesamento electrónico.**
4. Acto seguido deberedes identificarvos electrónicamente a través do sistema clave e elixir o método de identificación (DNI, Cl@ve Pin, Cl@ve Permanente).
5. Cubriredes o formulario e seguides co proceso ata completar a presentación.

Recordamos os aspectos básicos da subvención para a súa presentación:

- ✓ A subvención e en **réxime de concorrencia non competitiva**, e dicir, terase en conta a orde temporal de entrada da solicitude ata terminar o crédito orzamentario destinado a esta finalidade.
- ✓ **Poderán solicitar** a subvención previstas nas presentes bases aquelas **persoas físicas ou xurídicas**, así como as **comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica legalmente constituídas** que leven a cabo as actividades empresariais que motivan a concesión da subvención e que cumbran os seguintes **requisitos**:
 - Que se trate dunha actividade empresarial, excepto aquelas actividades incluídas no epígrafe CNAE 9200.
 - Que a actividade sexa desenvolvida por unha persoa física (traballador autónomo), unha micro empresa ou pequena empresa.

- Que teña o seu domicilio fiscal no termo municipal de Tui.
- Que a actividade empresarial exérgase nun local comercial ou negocio, específico e aberto ao público, situado no termo municipal de Tui.
- Que se producise o peche total do establecemento ou que, ao ser cualificada como non esencial, producíse o cesamento total e absoluto da actividade.
- Que o suxeito solicitante estea exento do Imposto de Actividades Económicas no exercicio fiscal de 2020.
- Que estea dado de alta no réxime da Seguridade Social ou na Mutua profesional correspondente e na Axencia Estatal de Administración Tributaria no momento da presentación da solicitude.
- Que estea ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias coa AEAT, TGSS, ATRIGA e o Concello de Tui.

✓ **GASTOS SUBVENCIONABLES** (páx. 5 e 6):

- **Liña 1:** Aluguer ata un máximo de 4 meses.
- **Liña 2:** Transición cara a comercio online ou optimización do existente.
- **Liña 3:** Axudas para financiar os gastos derivados co cumprimento das especificacións de servizo, limpeza, desinfección, mantemento e xestión tales como mascarillas, luvas, xel hidroalcohólico, asesoramento e consultoría, etc.
- **Liña 4:** investimentos para acondicionamento de locais comerciais tales como reforma, compra de mobiliarios, grifería, etc.

Só é subvencionable os gastos dende o Estado de Alarma.

- ✓ Establécese un límite máximo de subvención do **100% do total de gasto subvencionable ata un máximo de 1.000€ para todas as liñas.**

Poderase pedir para todas as liñas ou só para algunha delas pero sen superar os 1.000€ totais.